



Instrucións de solicitude de admisión e matrícula para o alumnado do

régime de adultos presencial

Orde do 15 de xuño de 2016 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado de FP.

1. **Proceso de admisión centralizado** na aplicación informática **web:** (<https://www.edu.xunta.gal/ciclosadmission/>)
2. Solicitude de **participación no proceso:** cubrirá a solicitude utilizando o asistente informático, e xuntando a documentación escaneada que se solicite (<https://www.edu.xunta.gal/ciclosadmission/>), **do 23 de xuño ao 5 de xullo.**
 - Con carácter xeral a validación é automática (non precisa entregala en ningún centro). Conservar copia impresa como resguardo.
 - No caso de que se indique no Anexo II, deberá validarse nun centro. Xerará un exemplar para o centro e un exemplar para o interesado. Presentarase nun centro con oferta de FP coa documentación requirida.
3. Documentación requirida pola aplicación: Con carácter xeral, **DNI** e a **titulación de acceso** indicada na solicitude (se presenta certificación académica, deberá constar o pago de taxas do título). Deberá subirse a aplicación un único pdf por documento (exemplo: O DNI deberá escanearse no mesmo pdf por diante e por detrás). Só poderá presentar a solicitude de admisión se cumpre os requisitos de acceso no momento da inscrición.
4. De ter que presentar a solicitude: **Anexo II** (para o centro e para o solicitante) xerado na aplicación, xunto coa documentación, na *secretaría dun centro de Galicia que oferte FP* entre o **23 de xuño e o 5 de xullo de 2022**. Poderá *remitila por correo postal certificado* en sobre aberto co selo de correos no mesmo prazo, e deberá enviar tamén toda a documentación escaneada ao correo electrónico do centro: cifp.anel.casal@edu.xunta.gal
 - * Estudos estranxeiros: Deberá marcar o que corresponda no punto 5 da solicitude. Se os estudos están homologados co nivel de bacharelato, deberá marcar ademais na aplicación os estudos de COU/PREU/Bacharelato sen modalidade ou outros equivalentes. Se os estudos están homologados co nivel da ESO, deberá marcar ademais na aplicación Título da ESO LOE ou LOXSE.
 - * No caso de presentar vida laboral, comprrobe que está completa.
5. A adxudicación de prazas aparecerá na páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/fp/> , e na páxina web do centro <http://www.cifpanxelasal.gal> . Haberá sucesivas adxudicacións de prazas.
6. Os usuarios poderán reservar na aplicación Ciclosadmisión os módulos nos que obteñan adxudicación (nos prazos correspondentes a cada adxudicación), e deberán formalizar a matrícula presencialmente no centro do 19 ao 22 de xullo, do 27 ao 29 de xullo, e do 2 ao 6 de setembro ás 13.00h. Será posible facer a reserva dos módulos adxudicados durante os períodos establecidos, pero finalmente terán que presentar unha única solicitude de matrícula no centro. A matrícula será SEMPRE PRESENCIAL. Poderá autorizar a algunha persoa, neste caso requirirase copia compulsada dos dous DNI (autorizante e autorizado). Consulte o horario dos módulos de adultos na web do centro ou taboleiro, non poderá superar as 1000 h, e os módulos non poderán solaparse máis dun 10%. De preferencia, comece polos módulos do Bloque A.
7. O alumnado que teña pendente de superación unicamente o módulo de **FCT** e/ou o módulo de Proxecto, poderá presentar o documento de solicitude e matrícula (Anexo II réxime persoas adultas) dende o 27 de xuño, e ata 1 mes antes do inicio da FCT (Artigo. 6.5 Orde 28_02_2007). Recoméndase entregala **do 13 ao 18 de xullo**.

NOTA: En caso de ter que acudir presencialmente á secretaría do CIFP Ánxel Casal- Monte Alto, solicite cita previa na seguinte ligazón: <http://cifpanxelasal.es/citas/>